



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais

Convocatoria de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento e investimento de servizos sociais durante o ano 2013

ANUNCIO BOP

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O MANTEMENTO E INVESTIMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DURANTE O ANO 2013

1. FINALIDADE, OBXECTO E LIÑAS ESTRATÉXICAS DA CONVOCATORIA

É finalidade desta Deputación Provincial da Coruña, a través da presente convocatoria, ao abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, apoiar o financiamento das entidades de iniciativa social (privadas sen ánimo de lucro), conforme ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, no Decreto do 17 de xuño de 1955 que aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e outra normativa que a desenvolve, así como na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Esta convocatoria márcase como obxectivo de carácter xeral, participar no sostemento e expansión do sistema público de servizos sociais (do que forma parte a iniciativa privada sen ánimo de lucro) mediante o cofinanciamento dos programas e actividades que realizan as entidades privadas de iniciativa social no ámbito territorial dos concellos da provincia da Coruña.

De acordo coas prioridades políticas contidas nos orzamentos provinciais para 2013, cómpre determinar as liñas estratéxicas que contribuirán á realización das ditas prioridades.

Preténdese fomentar que se realicen os programas con estabilidade e calidade, en complementariedade co sistema público, que suplan a carencia ou escaseza de recursos públicos, así como o seu carácter supramunicipal, nas materias, áreas, programas e tipos de axudas que se sinalan a continuación, de acordo coa súa normativa específica.

Tendo en conta todo o exposto anteriormente, así como a actual crise económica, a presente convocatoria pretende contribuír ó financiamento dos servizos sociais específicos definidos na lei 13/2008 art.14.1 e 14.2 e especializados contemplados na Lei 13/2008 art. 12, que se detallan a continuación .

2. MATERIA, ÁREAS DE SERVIZOS SOCIAIS, PROGRAMAS E INCOMPATIBILIDADES

2.1. MATERIA E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Consonte co anterior e conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local e no Regulamento de servizos das corporacións locais así como na Lei 5/1997, de administración local de Galicia, con cargo ao presuposto da Deputación para 2013 convócase a subvención que a continuación se detalla:

MATERIAS Servizos sociais específicos e especializados	TIPO DE AXUDA E PROGRAMA Mantemento e investimento	ÁREAS	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
	FOAXE-F	Familia, infancia e mocidade	0701/231D/481
	FOAXE-P/D	Maiores, diversidade funcional	0701/231E/481
	FOAXE-O	Outras acción de apoio a iniciativa social (drogodependencia, minorías étnicas e inmigración, persoas en situación de exclusión social, etc..)	0701/231G/481
	FOIE-F	Familia, infancia e mocidade	0701/231D/781
	FOIE-P/D	Maiores, diversidade funcional	0701/231E/781
	FOIE-O	Outras accións de apoio a iniciativa social (drogodependencia, minorías étnicas e inmigración, persoas en situación de exclusión social, etc..)	0701/231G/781

2. RELACIÓN DOS SERVIZOS, PROGRAMAS E ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES DAS CORRESPONDENTES ÁREAS DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS OU SERVIZOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS.

Tipo de axuda e programa

FOAXE: financiamento para o mantemento (gastos correntes)

FOIE: financiamento para o investimento (realización de obras ou adquisición de equipamentos)

2.2.1. Servizos Sociais na Área de familia, infancia e mocidade: FOAXE-F, FOIE-F

Códigos:

EF-1 Centros de menores

EF-2 Centros de atención á infancia

EF-3 Ludotecas

EF-4 Puntos de encontro

EF-5 Programas de atención psico-social e intervención socioeducativa dirixidos a menores en situación de risco ou conflito social

2.2.2. Servizos Sociais na Área de persoas maiores: FOAXE-P/D, FOIE-P/D

Códigos:

EP-1 Residencias

EP-2 Centros de atención diúrna e/ou nocturna

EP-3 Centros mixtos

EP-4 Vivendas comunitarias

EP-5 Apartamentos tutelados

2.2.3. Servizos Sociais na Área de diversidade funcional: FOAXE-P/D, FOIE-P/D

Códigos:

ED-1 Transporte adaptado

ED-2 Eliminación barreiras

ED-3 Centros residenciais

ED-4 Centros ocupacionais

ED-5 Centros de día

ED-6 Vivendas comunitarias e apartamentos tutelados

ED-7. Tratamentos de rehabilitación

ED-8 Respiro familiar

ED-9 Centros especiais de emprego

ED-10 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

ED-11 Programas de acción tutelar

2.2.4. Servizos Sociais na Área de drogodependencias e outros trastornos adictivos: FOAXE-O, FOIE-O

Códigos

EOT-1 Programas de tratamento terapéutico, rehabilitación e inserción social.

EOT-2 Unidades de día

EOT-3 Comunidades terapéuticas

EOT-4 Vivendas de apoio

EOT-5 Programas de apoio ás familias e para prevención no colectivo de menores e mocidade que se desenvolvan en colaboración cos centros de atención a persoas con drogodependencias.

EOT-6 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

Os programas EOT-1,EOT-2,EOT-3,EOT-4,EOT-5, deberán estar incluídos na rede asistencial do Plan de Galicia sobre Drogas.

2.2.5. Servizos Sociais na Área de minorías étnicas e inmigración: FOAXE-O, FOIE-O

EOM-1 Programas de formación para o emprego.

EOM-2 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

EOM-3 Programas de apoio á integración social.

2.2.6. Servizos Sociais na Área de persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social, laboral, etc (persoas sen teito, exreclusas e outras): FOAXE-O, FOIE-O

EOR-1 Albergues.

EOR-2 Centros de acollida e inclusión.

EOR-3 Comedores sociais.

EOR-4 Centros de atención social continuada.

EOR-5 Centros de día de inclusión social.

EOR-6 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

OBSERVACIÓNS COMÚNS PARA AS ÁREAS 2.2.3., 2.2.4., 2.2.5. e 2.2.6.: Nos Programas orientados á inserción social e/ou laboral, as persoas destinatarias destas accións deberán reunir polo menos unha ou máis das condicións recollidas no art. 4 da Orde do 26 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), persoas beneficiarias da Renda de integración social de Galicia ou prestación de natureza equivalente, persoas usuarias do II Plan galego de inclusión social (2007-2013), así como as persoas perceptoras de axudas de violencia de xénero xestionadas pola comunidade autónoma.

2.3. TIPOS DE AXUDAS

As entidades poderán solicitar axuda nas modalidades de investimento e mantemento (unha petición de cada modalidade) sempre que o equipamento ou programa estea especificamente contemplado nesta convocatoria.

En cada modalidade só se poderá solicitar axuda para un dos programas codificados na convocatoria.

2.3.1. Subvencións para mantemento de gastos correntes: As entidades poderán solicitar axudas para gastos de mantemento de centros, programas ou para desenvolver actividades.

2.3.2. Subvencións de capital para investimento: As entidades poderán solicitar axuda para investimento (adquisición, construción, reforma, ampliación e mellora de inmobles, equipamentos e moblaxe).

2.4. INCOMPATIBILIDADES

Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans provinciais da Deputación.

As entidades que solicitasen xa, ou teñan previsto solicitar, axudas da Deputación para actividades que se han realizar no presente exercicio, terán que optar por unha das convocatorias das diferentes áreas xestionadas no Servizo de Fomento (Cultura, Deporte, Servizos sociais ou Promoción Económica), xa que soamente poderán achegar solicitudes por unha delas.

3. ENTIDADES SOLICITANTES E CONDICIÓN

3.1. ENTIDADES SOLICITANTES

As entidades de iniciativa social poderán optar ao financiamento para os servizos, programas e actividades que se relacionan no apartado 2.2. desta convocatoria, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas antes do 1 de xaneiro de 2013.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.
- Carecer de fins de lucro (recollido e acreditado mediante os seus estatutos).
- Estar rexistradas, debendo acreditarse, como entidade prestadora de servizos sociais no rexistro da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, do 23 de decembro, DOG do 20 de xaneiro de 2012).

- As entidades prestadoras de servizos sociais especializados deberán acreditar que dispoñen da correspondente autorización da Xunta para a creación e/ou inicio de actividades, ou que a ten solicitada, todo isto de conformidade coa normativa correspondente ao centro ou servizo de que se trate, conforme ao disposto no Decreto 254/2011, do 23 de decembro (DOG 20 de xaneiro de 2012). Así mesmo, no caso de non ser necesaria a dita autorización deberán acreditarlo.

- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

- Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Para o cobro estará ademais a entidade ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Deputación Provincial da Coruña.

3.2. CONDICIÓNNS

As entidades, que poderán achegar unha única petición na modalidade de mantemento, e unha única petición na modalidade de investimento, deberán axustar as súas peticións aos límites de contía indicados neste apartado, e na base 4.L (orçamento).

A deputación pode conceder un máximo de 30.000,00 euros para as dúas peticións e un mínimo de 600,00 euros.

Con carácter xeral o importe da subvención solicitada será entre o 20% e o 80% do presuposto estimativo de gastos.

No caso de que se concerte a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante deberá obterse a autorización desta deputación nos termos do art. 29.7. da Lei xeral de subvencións.

A Sección de Servizos Sociais poderá remitir as peticións á materia e á modalidade correspondentes cando se estime que a solicitude está mal presentada.

Exclúense dos gastos subvencionables obxecto das solicitudes os referidos a actividades culturais, deportivas e de lecer e tempo libre que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.

4. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes para a súa presentación telemática deberán formularse no modelo normalizado que se facilitará na páxina web da Deputación Provincial da Coruña www.dicoruna.es

Achegarase tamén a seguinte documentación:

a) Documentación da entidade: (apartados A, B, C)

A. Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade e do NIF da persoa representante. No caso da achega do CIF da entidade por parte das delegacións ou agrupacións locais desta, deberá acreditarse que contan coa autorización correspondente.

B. Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente de non estar na circunstancia prevista no apartado 4.d.

C. Fotocopia compulsada do documento acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e autorización do centro, servizo e/ou programa obxecto da solicitude.

b) Certificacións segundo o impreso da solicitude: (apartados D, E)

D. Certificación acreditativa do acordo no que se aproba participar nestes programas, do nomeamento da persoa representante para as súas relacións coa Deputación (correspóndese co apartado D.1. dos impresos) e do número das persoas socias activas da entidade (correspóndese co apartado D.2. dos impresos).

E. Achegarase, así mesmo, o compromiso da entidade respecto do seguinte:

- Publicidade da axuda que reciba: facer constar en todo tipo de información que realice por escrito, en desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración prestada pola Deputación Provincial da Coruña (cartel informativo ou placa conmemorativa no caso das obras).

- Compromiso de emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero

- De dispoñer dos libros contables e rexistros esixidos pola lexislación de aplicación e conservar os documentos xustificativos (que se relacionan na disposición adicional segunda) da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto de actividades de control pola Deputación, un mínimo de catro anos.

- Compromiso, se é o caso, do emprego da lingua galega.

Nas solicitudes engadiranse os compromisos seguintes:

a) Solicitar, polo menos, tres ofertas de distintas empresas proveedoras no caso de que o gasto sexa superior a 50.000 € para realizar obras, ou superior a 18.000 € para a adquisición de equipamento ou prestación de servizos, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme ao disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro.

b) Levar a cabo a inscrición do ben cando corresponda, no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición aos fins previstos.

c) Manter a adscrición do ben aos fins e intereses que motivaron a concesión da subvención, polo menos cinco anos no caso de inmobles e dous anos no caso de bens inventariables.

c) Datos que se han achegar cubrindo os impresos: (apartados F, G, H, I, L, M, N, Ñ)

F. Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

G. Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións. (Ademais comprobárase, de oficio, que a entidade está ao corrente nas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña).

No caso de non dar esta autorización, a entidade solicitante deberá achegar a dita acreditación cos documentos xustificativos da subvención, nos termos dispostos nos artigos 18 a 27 do Regulamento xeral de subvencións (R.D. 887/2006, do 21 de xullo).

H. Declaración do/a representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública, de aceptación das bases da convocatoria, e de que os datos e documentos achegados coa solicitude se axustan á realidade.

I. Solicitude de autorización para a execución das actividades polas persoas vinculadas coa entidade solicitante que se especifican no anexo 3. (art. 29.7.d) Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro, e art. 68 do Regulamento, R.D. 887/06, do 21 de xuño).

L. Proxecto descritivo xeral da actividade que se vai realizar, segundo os documentos que se acompañan, que son os anexos 1 a 10:

Anexo 1:

- Documentación específica
- Antecedentes e xustificación da acción

Anexo 2:

- Obxectivo xeral, específicos e operativos
- Breve descrición do programa de actividades

Anexo 3:

- Metodoloxía
- Cronograma e calendario de actividades
- Publicidade
- Emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero

Anexo 4:

- Coordinación
- Recursos materiais

Anexo 5:

- Recursos humanos
- Recursos humanos: concretar as condicións da contratación se incorre na circunstancia prevista no artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións 38/2003, e no art. 68 do R.D. 887/06 (contratar con persoas vinculadas á entidade)
- Declaración, se é o caso, de non contar con medios materiais ou humanos, o que motiva a necesidade da contratación superando o 50% do importe do gasto.

Anexo 6:

- Sistema de avaliación
- Persoas usuarias (procedencia, vías de acceso, perfil, criterios e modo e fases de participación)
- Atención as persoas usuarias

Anexo 7 e 8

(O anexo 7 desta convocatoria deberase cubrir no caso de que o obxecto da solicitude sexa para mantemento de servizo estable ou centro - FOAXE e/ou investimento FOIE de servizos sociais. O anexo 8 cubrirase no caso de que o obxecto da solicitude sexa para mantemento de programas de actividades).

- Orzamento estimativo de gastos e previsión de ingresos correspondentes para cubrir os devanditos gastos.
- O orzamento irá detallado por conceptos, axustándose ao anexo correspondente: o anexo 7 (gastos adicados ao mantemento dun centro ou servizos estables, e a investimentos) ou o anexo 8 (gastos de mantemento de actividade), tendo en conta os seguintes límites:

1. O orzamento non poderá ser superior a 100.000,00 euros.

2. No caso de actividades que non derivan do mantemento de centros ou servizos estables propios da entidade, poderán ser gastos subvencionables aqueles de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes: luz, alugamento, teléfono, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, e debe reflectirse no detalle do gasto o respecto ao límite do 13 % dos custos directos da actividade, cubrindo o impreso 8).

3. No suposto de que o solicitante teña que concertar ou contratar con terceiros para poder realizar por si mesmo a actividade, superando o límite do 50% do gasto do art. 29 da Lei xeral de subvencións, deberá xustificar que non conta con medios persoais ou materiais para realizar a actividade contratada, coa declaración correspondente requirida no anexo 5

4. Indicarase entre os ingresos previstos o importe da subvención solicitada á Deputación, que non poderá ser inferior ao 20 % e non poderá superar o 80% do orzamento estimativo de gastos.

Anexo 9 e 10

- Memoria explicativa das actividades da entidade no ano anterior, na que se inclúa a mención das axudas recibidas desta Deputación e o resumo dos seus ingresos e gastos. A entidade certificará, se é o caso, se ten aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido correspondente ao 2011, e a data da sesión da asemblea na que se aprobaron.

M. Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo modelo aprobado pola Deputación e que poden atopar na páxina web www.dicoruna.es

d) Outra documentación (0)

0. No caso de realización de obras ou equipamentos:

0.1) Acreditación da propiedade ou dereito real que se posúa sobre o ben inmovible (propiedade, arrendamento con especificación do prazo de vixencia, etc.)

0.2) No caso da realización de obras: proxecto de técnico/a competente. Pode achegarse unha memoria valorada, pero unha vez concedida a axuda, de ser legalmente necesario, requirirase para a xustificación a achega do proxecto técnico. No caso de solicitar a axuda para unha fase da obra, definirase a fase no informe técnico, e garantirase que é susceptible de utilización e a posibilidade de continuidade da obra por contar con financiamento.

e) Documentos que non é necesario achegar de novo

De conformidade co art. 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se os documentos solicitados nos apartados A, B, C, e M anteriores están en poder da Deputación, a entidade solicitante non terá que volver a remitilos, pero haberá de sinalar a data e a dependencia na que se presentaran anteriormente.

Poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento. Este requirimento farase mediante o correo electrónico sinalado no impreso correspondente.

A documentación que se entregue en fotocopia ha de vir compulsada conforme ao indicado na disposición adicional primeira.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser corrixido no prazo de dez días dende a recepción do requirimento arquivándose a solicitude sen máis trámite de non facelo así.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

5.1. Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos, as solicitudes presentaranse de xeito telemático a través da páxina web da Deputación da Coruña, www.dicoruna.es.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

5.2 Presentación CON sinatura electrónica:

Para presentar a solicitude de xeito telemático é imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica:

- . A persoa designada como representante, para o envío da solicitude ao rexistro telemático.
- . A secretaria e a presidencia para asinar a documentación achegada.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 15 de xaneiro de 2013 e rematará o 22 de febreiro de 2013.

5.3 Presentación SEN sinatura electrónica:

No caso de carecer de sinatura electrónica, unha vez cuberta a solicitude de forma telemática, achegarase o resgardo da solicitude ao Rexistro Xeral da Deputación da Coruña, nos rexistros municipais dos concellos que teñen asinado convenio para este fin coa Deputación da Coruña (pode verse a relación de concellos con convenio na páxina web www.dicoruna.es) ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 38.4. da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación do resgardo da solicitude telemática no rexistros indicados no parágrafo anterior, iniciárase o 15 de xaneiro de 2013 e rematará o 22 de febreiro de 2013.

5.4 No obstante o anterior, ao longo do exercicio orzamentario poderán presentarse solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisíbeis e excepcionais, non puideran presentarse no prazo sinalado no parágrafo anterior; esta circunstancia deberá motivarse adecuadamente, e o importe total das concesións por cada partida orzamentaria non poderá superar o 10% do importe total da súa consignación. Estes peticións tramítanse de acordo coas presentes bases, agás o cumprimento do prazo.

6. RESOLUCIÓN DAS PETICIÓNS

A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Presidencia, por proposta motivada da comisión avaliadora e requirirá informe do Servizo de Fomento, no que figure que da información que consta no seu poder se deriva que as entidades cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A comisión avaliadora estará composta polas seguintes persoas:

Presidenta: A deputada presidenta da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística.

Vogais: tres deputados/as designados/as polo presidente da Deputación.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un funcionario do Servizo de Fomento.

6.1. Valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

Cráterios de Valoración	Puntuación
- Coeficiente de financiamento (entendido como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento estimado de gastos) derivado da solicitude	ata 30 puntos
- A adecuación das actividades ou investimentos que se van realizar ao interese provincial	ata 30 puntos
- Interese das actividades ou investimentos, no que se terá en conta o ámbito supramunicipal das accións, a coordinación coas administracións competentes e o contido do proxecto requirido coa solicitude	ata 25 puntos
- Número de persoas usuarias directas e/ou potenciais	ata 5 puntos
- O emprego da lingua galega na realización das actividades ou actuacións para as que se solicita a axuda	ata 5 puntos
- Ter rendidas e aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio 2011	ata 5 puntos
TOTAL	ata 100 puntos

6.2. Notificación e publicidade da resolución

A resolución da concesión deberáselles notificar expresamente a tódalas entidades solicitantes de forma fidedigna e publicarse no Boletín Oficial da Provincia durante o mes seguinte a cada trimestre natural, en relación ás subvencións concedidas no trimestre inmediato anterior.

As autorizacións para a contratación solicitadas previamente conforme ao previsto no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e sempre que se achegara a información necesaria, entenderanse concedidas co outorgamento da subvención, nos termos da solicitude presentada.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

6.3. Reformulación de solicitudes

Unha vez notificada a resolución de concesión, a reformulación da solicitude inicial, á que se refire o art. 27 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e o art. 61 do regulamento que a desenvolve, será automática, de tal modo que se o importe da subvención outorgada é inferior ao solicitado pola entidade beneficiaria, o presuposto subvencionado que debe ser obxecto de xustificación posterior determinarase dividindo a contía da subvención outorgada polo coeficiente de financiamento proposto pola entidade beneficiaria na súa solicitude.

6.4. Modificación dos conceptos subvencionables

Así mesmo, despois da solicitude razoada da entidade beneficiaria da subvención, poderá autorizarse o cambio dos conceptos concretos que se detallan no proxecto ou orzamento da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo de tres meses dende a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo da proposta previa da comisión avaliadora que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao presuposto subvencionado inicial, manteranse as mesmas condicións da subvención concedida: coeficiente de financiamento, importe da subvención e presuposto subvencionado.
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao presuposto subvencionado inicial, a comisión avaliadora, logo do informe previo do Servizo de Fomento, deberá determinar o novo coeficiente de financiamento para o novo importe da subvención e o novo presuposto subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.

7. XUSTIFICACIÓNS E PAGAMENTOS

7.1. Prazo de xustificación

O prazo para xustificar as subvencións finalizará o día 31 de maio de 2014, se ben poderá solicitarse, antes do 30 de abril de 2014, a ampliación ata o 31 de xullo de 2014, conforme ao disposto no art. 49 da Lei 30/92, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, por solicitude da entidade interesada ou por proposta razoada da unidade xestora.

Se non se chega a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), requirirase a entidade beneficiaria para a súa presentación (art. 70 do regulamento de subvencións citado) no prazo improrrogable de 15 días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará aparellada a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro. A presentación da xustificación fóra de prazo, ou no prazo excepcional, non eximirá a entidade beneficiaria das sancións que correspondan consonte á citada lei, coa gradación indicada no apartado 8 destas bases.

En calquera caso, salvo o disposto no parágrafo anterior, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio 2013.

7.2. Consideracións xerais para os pagamentos e xustificacións

7.2.1. As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

7.2.2. Para os efectos de xustificación das subvencións, defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento estimativo de gastos.

A aplicación deste coeficiente ao importe da subvención concedida dará lugar ao presuposto subvencionado que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención, é dicir:

$$\text{Presuposto subvencionado} = \frac{\text{Importe subvención concedida}}{\text{Cf}}$$

Cf

No caso de ter outros ingresos para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado será a suma das subvencións.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do presuposto subvencionado.

7.2.3. O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria.

7.2.4. Para o cobro da subvención as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Así mesmo, as entidades deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación no caso de ter a autorización dada pola entidade. No caso de non estar autorizada a Deputación, achegaranas as entidades.

7.2.5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

7.2.6. A entidade beneficiaria deberá someterse aos procedementos de control ou auditoría que realicen a Intervención provincial, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na condición de contratante, aos procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos devanditos procedementos, poderá esixirse responsabilidade administrativa, consonte ao establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

7.3. Documentación xustificativa

Para o cobramento da subvención as entidades deberán presentar unha conta xustificativa simplificada que comprenda a seguinte documentación:

Documentación común para todas as entidades beneficiarias:

7.3.1. Unha memoria explicativa da actividade na que conste o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para a que foi concedida, así como de ter cumpridos os compromisos e condicións impostos na concesión, indicando os resultados obtidos e as desviacións acaecidas. A memoria virá asinada pola persoa que a elaborou, que deberá estar identificada co seu cargo, nome e apelidos.

A memoria deberá axustarse ao proxecto presentado coa solicitude da subvención (ver apartado 4.L. da presente convocatoria) e fará referencia, en todo caso, ao seguinte:

- O modo de cumprimento da obriga de publicidade da axuda concedida pola Deputación, debendo achegarse a proba documental que proceda (impresos, carteis informativos, placa conmemorativa, etc).
- O cumprimento do compromiso do emprego da lingua galega e da utilización dunha linguaxe con perspectiva de xénero.
- En relación ao presuposto, a memoria conterá as desviacións acaecidas, indicándose, se é o caso, os incrementos do gasto nalgún concepto (os cales poderán ser compensados coa diminución do gasto noutros conceptos que estean xa previstos na subvención concedida).

7.3.2. Unha declaración na que se relacionen detalladamente os ingresos, de natureza pública ou privada, obtidos para o mesmo obxecto que o subvencionado (subvencións, axudas, achegas de usuarios/as ao servizo...), ou ben declaración de non ter recibido ningún.

7.3.3. Unha declaración de non ter pendente de xustificación outra axuda da Deputación na que xa finalizara o prazo para a presentación dos xustificantes.

7.3.4. No caso de non lle ter dada a autorización correspondente a esta Deputación, acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.3.5. Unha certificación da relación clasificada dos gastos da actividade, asinada en todas as follas polo/a Secretario/a da entidade e co visto e prace da Presidencia, na que consten os conceptos de gasto, a identificación da persoa acreedora (nome, apelidos e NIF ou razón social e CIF), a identificación do documento (número, importe e data de emisión) e, no seu caso, data e medio de pago. En todo caso, terase en conta o seguinte:

1. No caso de gastos derivados de axudas a persoas físicas que pola súa natureza se consideren datos sensibles (axudas de emerxencia) para garantir a confidencialidade dos datos na tramitación do expediente nos termos previstos na

Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, na relación dos gastos poderase admitir como validos os asentos contables onde aparezan as iniciais das persoas beneficiarias co seu número de identificación fiscal (NIF).

2. Admitiranse xustificantes que se correspondan coas actividades realizadas entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de maio de 2014, ou, no caso de prórroga, ata o 31 de xullo de 2014. No caso de que se trate de programas ou proxectos para os que se solicite subvención en anos sucesivos, deberá declararse que non coinciden estas xustificacións coas actividades do programa ou proxecto que se presente para ser subvencionado nese exercicio.

3. O pagamento dos gastos, que se poderá realizar tanto antes como despois do cobramento da subvención, deberá quedar acreditado documentalmente mediante un documento expedido pola entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque ou talón nominativo, etc.) ou calquera outro que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico, cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tickets de aparcamento, etc.). O incumprimento desa disposición para algún gasto implicara que dito gasto se considere "non subvencionable", de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do regulamento de subvencións en relación cos artigos 31.2, e 37 da Lei xeral de subvencións sempre que dito gasto supere o importe de 2.500, 00 euros.

4. De xustificarse gastos de persoal, por cada traballador/a e mes, indicárase a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á empresa, así como a porcentaxe da xornada laboral de cada traballador que se lle impute á actividade que se está a xustificar.

5. No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá incluírse na relación a certificación expedida pola administración que concede, na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificadas, así como o período ao que se refiren os gastos.

6. No caso da distribución do gasto presupostado, deberá reflectir o disposto no apartado 7.3.1.

7. No caso de que na relación clasificada de gastos figuren acredores, tanto persoas físicas como xurídicas vinculadas co beneficiario estes deberan corresponderse cos indicados no impreso de subvención (art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

De conformidade co establecido no apartado 4.L destas bases, no suposto de que o obxecto subvencionado sexa unha actividade non vinculada ao mantemento de centros ou prestación de servizos estables propios da entidade, serán subvencionables os gastos de carácter xeral adscritos directamente á realización da actividade subvencionada (persoal e gastos correntes: luz, alugamento, teléfono, etc.), sempre e cando ditos gastos non superen o 13% do importe dos custos directos da mesma.

7.3.6. A entidade indicará se está ou non exenta de IVE, xa que só poderá terse en conta o cargo con dito imposto cando sexa soportado pola entidade e non sexa deducible.

7.3.7. Achegarase ademais unha certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e praxe da Presidencia, no caso de que na relación clasificada de gastos apareza o pagamento de axudas de custo, axudas de emerxencia ou indemnizacións ao voluntariado e gastos de quilometraxe, no que conste o nome, apelidos e NIF da persoa perceptora, así como a data do pagamento, concepto e número de xustificante (recibín, etc.). No caso dos gastos de quilometraxe, indicárase a matrícula do vehículo, o itinerario e os quilómetros.

No caso excepcional de axudas de emerxencia ou indemnizacións a persoas físicas, nas que proceda aplicar especial protección da súa identidade segundo a normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, só se indicará o NIF da persoa perceptora como dato identificativo.

7.3.8. Unha certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e praxe da Presidencia, na que se faga constar que o gasto foi reflectido na forma preceptiva no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

7.3.9. Nos casos en que sexa de aplicación, a entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 e 4 da Lei Xeral de Subvencións (solicitude de ofertas a diversos provedores) nos termos expresados no artigo 20 da Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en canto ao límite de contías que requiren solicitude de ofertas de diversos provedores.

Terase en conta, en todo caso, o establecido no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións en relación ao límite da subcontratación das actividades subvencionadas, e do requisito da autorización ás persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, nos termos que figuren na solicitude presentada na convocatoria.

7.3.10. Engadiranse os seguintes documentos no caso de adquisición de bens inmoables:

1. Acreditación da recepción do ben polo órgano competente da entidade.

2. Fotocopia compulsada da escritura pública e dos xustificantes de ter satisfeitos os impostos correspondentes.

3. Acreditación da solicitude de inscrición do ben no Rexistro da Propiedade, coa mención do financiamento obtido e de que o ben está adscrito á finalidade para a que foi concedida a subvención por un prazo que será, polo menos, de cinco anos.

4. Certificado de valoración do inmovible emitido por perito taxador independente inscrito no rexistro oficial, ou persoal técnico dunha Administración pública.

7.4. Comprobacións e control

A Deputación comprobará aleatoriamente os xustificantes que estime oportunos e que permitan obter a evidencia razoable da adecuación da aplicación da subvención, para o que poderá solicitar a remisión dos xustificantes dos gastos seleccionados.

Así mesmo, os gastos xa xustificados serán obxecto do plan de control financeiro das subvencións da Deputación, mediante a fiscalización que realizarán os servizos de Intervención e para cuxo fin poderá requirírselle á entidade beneficiaria a remisión dos xustificantes de gastos correspondentes.

Co obxecto de facilitar o control financeiro posterior das subvencións, as entidades deberán facer os pagamentos tal e como se indica no apartado 7.3.5.3

Conforme ao que se dispón na base 54 (apartado 4) das bases de execución do orzamento para 2013 da Deputación Provincial da Coruña , poderá ser contemplado en exercicios posteriores dentro dos criterios de valoración das axudas a conceder, o grao de execución das actividades ou investimentos subvencionados.

7.5. Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da Sección de Servizos Sociais e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un único prazo de dez días para a súa corrección.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e do seu pagamento terase en conta o seguinte:

– No caso de que se xustifique gasto igual ou superior ao presuposto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.

– No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e superior ao 50% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.

– No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo de aplicación do réxime sancionador correspondente.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

8. RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ao establecido no Código penal (Lei orgánica 10/1995), e as responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

En canto á aplicación das sancións, se a demora no cumprimento do prazo de xustificación non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo, que suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe total de 900 euros. O incumprimento reiterado pola mesma entidade beneficiaria en distintas convocatorias dos prazos de xustificación, implicará que se apliquen as sancións antes expostas, elevando nun grao a que proceda.

Poderá ser aplicada a compensación para o cobramento da sanción, salvo que se formule oposición á sanción por parte da entidade sancionada.

Disposición adicional primeira

Con carácter xeral admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas:

1. Diante de notario
2. Polo Rexistro Xeral da Deputación da Coruña
3. Pola Secretaría do concello ou persoal funcionario habilitado para o efecto cando se refiran a expedientes de entidades do seu termo municipal
4. Polo órgano administrativo que teña no seu poder os documentos orixinais
5. Nos rexistros doutras Administracións públicas, nos casos nos que se presenten os documentos a través delas.

Disposición adicional segunda

Para o non establecido nesta convocatoria, en especial todo aquilo que fai referencia á posibilidade de levar a cabo un control financeiro no ano seguinte das subvencións xustificadas e pagadas, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2013, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 14.2 f) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios están obrigados a levar libros e rexistros contables dilixenciados. Para as entidades beneficiarias aos que non lles resulte de aplicación obrigatoria o Plan de contas adaptado ás entidades non lucrativas (R.D. 1491/2011, do 24 de outubro), abondará con que leven os seguintes libros e rexistros:

1. Libro diario de ingresos e gastos no que se reflectan por orde cronolóxica todos os ingresos e gastos e que deberá estar debidamente conciliado cos movementos realizados a través das contas bancarias. O citado libro deberá estar dilixenciado pola Presidencia, pola Secretaría e pola Tesourería da entidade.
2. Liquidación anual de ingresos e gastos, que deberá resultar dos movementos producidos no libro anterior e na que quedará constancia da súa aprobación pola asemblea de socios/as.
3. Libro de inventarios, no que se reflecten axeitadamente todos os bens e dereitos da entidade, así como as súas altas e baixas, e que tamén deberá estar dilixenciada pola Presidencia, a Secretaría e a Tesourería.

Disposición adicional terceira

Os datos das subvencións solicitadas quedarán incorporados a un rexistro público de subvencións, contemplándose o dereito das entidades interesadas á protección dos datos de carácter persoal, así como a posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional cuarta

1. A aprobación da presente convocatoria queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do presuposto da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2013 no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao amparo daquela se presenten.
2. Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.
3. En ningún caso a presente convocatoria xerará ningún dereito a favor das entidades solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

A Coruña, 13 de decembro de 2012

O presidente

Diego Calvo Pouso

O secretario

José Luis Almau Supervía

2012/15729